



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, núm. 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.gal
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/>
endereço electrónico: correo@betanzos.gal

BANDO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN SOBRE AS MEDIDAS ANTE O COVID-19

A alcaldesa do Concello de Betanzos, María Barral Varela

FAI SABER

Como consecuencia da situación epidemiolóxica actual comunicamos que o Concello de Betanzos aprobou o Decreto de medidas no Concello de Betanzos con motivo do Covid-19, que, entre outras cousas, recolle as seguintes:

Atención ao público. Nos servizos de atención ao público priorizarase a atención telefónica e telemática. Para o caso de atención presencial, estableceranse, se fose necesario, as quendas imprescindibles para garantir a prestación do servizo.

Reunións. Na medida do posible evítanse as reunións de traballo, e dispórase, en todo caso, a suspensión daquelas que impliquen desprazamentos a outra localidade. Así mesmo, fomentárase o uso da videoconferencia.

Viaxes. Recoméndase pospor todas aquelas viaxes de traballo que non sexan imprescindibles para a normal prestación de servizos esenciais.

Así mesmo, recoméndase:

Asistir ás oficinas municipais do Concello de Betanzos só no caso de tramitacións urxentes e que non se poidan adiar.

Actuar con responsabilidade e facer caso das medidas de prevención recomendadas.

As persoas que estiveron en zonas de alto risco que procuren non asistir ás dependencias municipais e utilicen os medios telemáticos para realizar as tramitacións oportunas.

Evitar as aglomeracións de xente e seguir as instrucións oportunas cando proceda.

Betanzos, na data que figura na marxe

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade se garante mediante cotexo na sede electrónica deste organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).